

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua para fins específicos				
Materia	Lingua para fins específicos			
Código	V01G180V01801			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Yáñez Bouza, Nuria			
Profesorado	Tamaredo Meira, Iván			
Correo-e	nuria.y.b@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Inglés para fins académicos e para o turismo internacional: aspectos léxicos, fraseolóxicos, sintácticos e estilísticos. Aplicación dos coñecementos orais e escritos en inglés a situacións de uso profesional, e formación no ensino e aprendizaxe do inglés da especialidade.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.

B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C56	Facilitar a aprendizaxe da lingua estranxeira desde a perspectiva da súa utilidade profesional.
C57	Mellorar a competencia comunicativa centrándose no ámbito académico e profesional.
C58	Adquirir as ferramentas necesarias para dominar o coñecemento da área específica do obxecto de estudo.
C59	Afianzar os aspectos propios das linguas de especialidade.
C60	Desenvolver os coñecementos léxicos, sintácticos, fraseolóxicos, estilísticos e comunicativos das linguas para fins específicos.
C61	Familiarizarse coa metodoloxía da aprendizaxe utilizada na análise das linguas profesionais e académicas.
C62	Adentrarse nos trazos característicos dos distintos tipos de linguaxes de especialidade.
C63	Desenvolver os mecanismos necesarios para a difusión oral da aprendizaxe e ensino das linguas de especialidade.
C64	Afianzar o interese das linguas de especialidade na sociedade do coñecemento e a información.
C65	Adentrarse na didáctica das linguas de especialidade.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquisición das características lingüísticas propias das linguas de especialidade	A3 A4 A5	B1 B4 B10 B13	C56 C57 C58 C59 C60 C61 C62 C64 C65
Comprensión dos mecanismos que regulan a aprendizaxe das linguas profesionais e académicas	A2 A3	B4 B5 B6 B7 B12	C56 C57 C58 C59 C60 C61 C62 C63
Difusión didáctica das linguas de especialidade e capacidade formativa	A4	B1 B7 B10 B12	C56 C57 C59 C61 C64 C65
Adquisición das necesidades comunicativas e os obxetivos da aprendizaxe	A1 A2 A3 A5	B1 B4 B5 B7 B9 B10 B12	C56 C57 C58 C61 C64
Desenvolvemento das competencias comunicativas profesionais da lingua obxeto de estudo	A2 A4	B1 B5 B6 B7 B9 B12	C57 C59 C62 C63
Afondamento no interese e a relevancia das linguas de especialidade na sociedade do coñecemento e a información	A1 A4 A5	B1 B4 B10 B13	C56 C57 C59 C60 C61 C62 C63 C64

Contidos

Tema	
Academic English	-- Academic vocabulary. Word combinations and key phrases. -- Planning and getting started. Organising ideas. -- The writing process. -- Critical thinking. Thinking and interacting. -- Presenting in Academic English
English for Specific Purposes	-- General framework -- English for tourism And a selection of the following key topics: -- English for management, finance and marketing -- English for medicine -- English for engineering -- English for law
Academic Vocabulary for Specific Purposes	A selection of the following: Advertising; Innovation and invention; IT in education and business; Culture, science and society; Ways of studying in higher education; Marketing and consumers; Communicating science

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	28	28	56
Resolución de problemas	19	38	57
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	26	30
Presentación	1	6	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo alumnado. Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Serán o complemento da lección maxistral.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	A atención personalizada organizarase en torno as titorías individuais do profesorado e o acceso a través de Tem@.

Avaliación

	Descrición	Cualificación		Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resolución de problemas	Entrega e corrección de exercicios e problemas traballados na aula, fóra da aula ou no TIC	20	A5	B4 B5 B12 B13	C56 C58 C60 C61 C62 C64
Resolución de problemas e/ou exercicios	Un exame escrito sobre os contidos teóricos e prácticos do primeira tema da materia (Academic English)	40	A3 A4 A5	B1 B5 B6 B10 B13	C56 C57 C59 C60 C61 C62 C64 C65

Presentación	Presentación oral en grupo/parella sobre os contidos teóricos e prácticos do segundo/terceiro tema da materia	40	A3 A4 A5	B1 B5 B6 B10 B13	C56 C57 C59 C60 C62 C63 C64 C65

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Para a avaliación continua computarán os seguintes parámetros obrigatorios (coa ponderación na cualificación final):

- (1) Entrega de actividades puntuais (resolución de exercicios, etc.) (20%) que o profesorado solicite realizar dentro ou fóra da aula ao longo do cuadrimestre.
- (2) Presentación oral (40%): presentación oral en grupo/parella durante o período lectivo do cuadrimestre.
- (3) Un exame escrito sobre o contido teóricos e prácticos do primeiro tema da materia, cun valor de 40%. A data desta proba terá lugar en horario lectivo durante o cuadrimestre e será anunciada con dúas semanas de antelación.

Para aprobar a materia en avaliación continua débese obter un 5 sobre 10 na nota media. Para facer a media, é requisito indispensable obter un 4 sobre 10 na presentación oral e no exame escrito. De non ser o caso, a materia estará suspensa aínda que a media aritmética das probas sexa 5 ou superior.

O alumnado que non poida seguir o sistema de avaliación continua deberá comunicalo ao profesorado argumentadamente ao comezo do curso (primeiras dúas semanas), e deberá seguir a modalidade de **avaliación única** . Esta consistirá en realizar unha proba única final que terá lugar no período oficial de exames na data aprobada en Xunta de Facultade e que aparecerá na páxina web da Facultade. Esta proba será escrita e suporá o 100% da cualificación. Para aprobar a materia, débese obter un 5 sobre 10.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

Para o alumnado (a) que non supere a materia na primeira edición de actas porque non se presentou á primeira edición de actas ou (b) que suspenda todas as probas da avaliación continua: a avaliación consistirá nunha única proba final con valor 100% da cualificación. O exame será escrito e abarcará todos os contidos teóricos e prácticos da materia. Para aprobar a materia, débese obter un 5 sobre 10.

Para o alumnado que non supere a materia na primeira edición de actas pero aprobe algunha das probas (presentación oral, exames escritos): soamente terá que recuperar as partes suspensas.

A data oficial para a segunda edición de actas, en calquera modalidade, será a data aprobada pola Xunta de Facultade e publicada na páxina web. A data da proba oral seá acordada co alumnado previamente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Hyland, Ken, **English for Academic Purposes: An Advanced Resource Book**, 9780415358699, Routledge, 2006

Wallwork, Adrian, **English for Presentations at International Conferences**, 9781441965912, Springer, 2016

Jacob, Miriam and Peter Strutt, **. English for International Tourism: Course Book**, 9781447923831, Longman, 2007

Jacob, Miriam, **English for International Tourism: Workbook**, 9780582298514, Longman, 2007

Bibliografía Complementaria

Robinson, Peter, **Tourism: The Key Concepts**, 9780415677936, Routledge, 2012

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302
Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403
Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

Outros comentarios

É responsabilidade do alumnado estar pendente de FAITIC e estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca.

Na avaliación da materia terase en conta non so o contido senón tamén a corrección lingüística das probas.

Para seguir a materia adecuadamente, recoméndase un nivel alto de inglés (C1/C2).

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

O uso de diccionarios, ordenadores ou outros aparellos electrónicos, con o sin conexión a internet, non está permitido durante as probas.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN ===
Mantéñense as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa excepción de que se levarán a cabo empregando as ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico, Faitic).

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.